



S/R: Dilixencias previas Proc. Abreviado 551/2006
N/R: SXPPC/SM INF/2007/0002
Asunto: Informe s/necesidade inf Cª Cultura para prox. urbaniz. CS-5 Lugo



En contestación ao seu requirimento de data 14 de febreiro de 2007 de informe sobre se para a aprobación definitiva do proxecto de urbanización da unidade de actuación CS-5 da cidade de Lugo é preceptivo o informe da Consellería de Cultura e Deporte, ponse no seu coñecemento que o ámbito da unidade de actuación está afectado pola área de protección de elementos incluídos no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e, polo tanto, o dito proxecto de urbanización require a autorización previa e preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que é o órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural, con base nos seguintes fundamentos xurídicos:

A) O patrimonio cultural de Galicia, conforme ó disposto no título I da **Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia** (no sucesivo LPCG), clasifícase, segundo o artigo 24, en:

- a) **Bens declarados**, que serán aqueles que se consideren **como bens de interese cultural**, logo da incoación do oportuno expediente.
- b) **Bens catalogados**, aqueles que se incorporen ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.
- c) **Bens inventariados**, aqueles que, sen estaren incluídos entre os anteriores, merezan ser conservados e se inclúan no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

O **Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia**, de conformidade co artigo 22 da LPCG, confórmano os bens declarados de interese cultural (en diante BIC), os catalogados e aqueles outros ós que fai referencia o artigo 1.3 da dita lei e que, sen estaren incluídos nos anteriores, merezan ser conservados.

A **disposición adicional segunda da LPCG** inclúe no **Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia** a todos os bens recollidos nos catálogos das normas complementarias e subsidiarias, así coma aqueles contidos en calquera outra figura de planeamento.

B) Segundo o citado artigo 24 da LPCG, os bens que integran o patrimonio cultural de Galicia están suxeitos ao réxime xeral de protección e conservación



recollido no título II.

Respecto dos **BIC**, o **artigo 43**, relativo á intervención en **monumentos**, sinala que **en ningún momento poderá realizarse obra** interior, exterior, sinalización, instalación ou cambio de uso **que afecte directamente ó inmovible** ou a calquera das súas partes integrantes, pertenza ou **ó seu contorno delimitado, sen autorización expresa da Consellería de Cultura.**

O **contorno dos monumentos estará constituído polos inmoables e espazos lindantes ou arredados**, sempre que unha alteración deles poida afectar ós valores propios do ben de que se trate, á súa contemplación, apreciación ou estudo (**artigo 44**).

En canto aos **bens inventariados**, o **artigo 54 da LPCG** establece que *“... gozarán dunha protección baseada en evita-la súa desaparición, e estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que deberá autorizar calquera intervención que os afecte.”*

C) O **Catálogo Complementario de Bens Culturais, Naturais e Paisaxísticos** suxeitos a protección, anexo ao Plan Xeral de Ordenación Urbana de Lugo (Revisión e Adaptación do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Lugo publicada no B.O.P. núm. 106 do 12 de maio de 1993), foi aprobado provisionalmente polo concello, en sesión Plenaria do 16 de novembro de 1990, e posteriormente **aprobado pola Orde do 27 de decembro de 1990 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.**

No dito catálogo relacionase o Inventario de Bens Culturais clasificado en grupos, concretándose en fichas individualizadas o seu grado de protección. No **Grupo A**: Castros, xacementos e outros elementos de interese arqueolóxico, consta a ficha nº 60 referida ás **Termas Romanas (Balneario), Monumento Nacional** co Grado de Protección atribuíble ós Xacementos Arqueolóxicos. No **Grupo H**: Arquitectura Urbana, figura a ficha nº 297 referida ó **Sanatorio do Dr. Portela**, cun Grado de Protección Non Integral.

As **Termas Romanas (Balneario)** tamén aparecen recollidas dentro do Anexo 3 no apartado de Arqueoloxía (Romano) das **Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento** da provincia de Lugo, aprobadas por Orde do 3 de abril de 1991, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Con data de 3 de xuño de 1931, foron declaradas Ben de Interese Cultural coa categoría de Monumento (GAC do 04/06/31).

Polo tanto, tendo en conta o disposto na citada Disposición Adicional 2ª da LPCG, tanto as **Termas Romanas e o Sanatorio do Dr. Portela forman parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.**



D) Na medida que no planeamento vixente no Concello de Lugo non se determinan os contornos de protección dos mencionados bens culturais, ao abeiro do disposto no artigo 51.2 da citada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUGA), serán de aplicación as normas subsidiarias e complementarias de planeamento, en virtude do seu carácter complementario, para suplir as indeterminacións e lagoas de planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso poidan modificar a cualificación do solo, nin alterar as determinacións do planeamento que complementan.

Neste senso, **o artigo 30.2 das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento** da provincia de Lugo, aprobadas por Orde do 3 de abril de 1991, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, relativo ás **áreas de protección**, establece que, "... dentro das áreas de protección que a continuación se sinalan, será preciso informe previo da Comisión Territorial de Patrimonio, que terá carácter vinculante para a realización de calquera das actividades enumeradas no artigo 178 da Lei do Solo (na actualidade artigo 194 da LOUGA).

As áreas de protección para os elementos puntuais, dentro das cales é necesario o informe antedito, estarán constituídas por unha franxa cunha profundidade medida dende o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe de:

- a) 50 metros, cando se trate de elementos etnográficos inventariados ...
- b) 100 metros, cando se trate de elementos de arquitectura relixiosa ... , arquitectura civil ... e arquitectura militar...
- c) 200 metros, cando se trate de restos arqueolóxicos ...

Cando varios elementos singulares se articulen nun conxunto, a área de influencia trazarase a partir dos elementos máis exteriores do conxunto e abranguerá a totalidade daquel."

E) De conformidade co disposto no artigo 110 da LOUGA os proxectos de urbanización son proxectos de obras.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2007.

A subdirectora xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Susana Mera Souto



**SR. MAXISTRADO- XUÍZ
XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 2 DE LUGO**